



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 14 DE MARZO DE 2016

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as dezaoito horas e cinco minutos do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino José Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Ferrol: Beatriz Sestayo Doce, segunda representante do Concello de Ferrol no Pleno da Mancomunidade.
- Concello de Mugardos: José Antonio López Sueiro, representante do Concello de Mugardos.
- Concello de Narón: Marián Ferreiro Díaz, representante do Concello de Narón.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, Alcalde.

Infórmase da imposibilidade de asistencia do alcalde de Neda pola coincidencia cun pleno deste concello na mesma tarde.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Manuel Roel Hernández Serrano, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Por unanimidade das persoas asistentes apróbase a acta da sesión de 8 de febreiro de 2016.

2. Presentación de informe de cumprimento de prazos da Ley 15/2010 no cuarto trimestre de 2015.

Preséntase ao Pleno o informe.

3. Dar conta da solicitude realizada ao abeiro da convocatoria de subvencións para programas integrados de emprego durante os anos 2016 e 2017.

Preséntase ao pleno o proxecto presentado de conformidade co acordado na sesión de 11 de xaneiro.

4. Ratificación da solicitude realizada ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016.

Examinadas as correspondentes solicitudes e memorias, por unanimidade das persoas asistentes acórdase de ratificar o decreto do presidente do 22 de febreiro de 2016 relativo a esta Orde, polo que se resolve:

1. Aprobar os seguintes proxectos de obras ou servizos que se relacionan a continuación, en coordinación cos concellos que se indican, nos termos previstos na orde de convocatoria:

Denominación da obra ou servizo	Concellos cos que se coordina e comparte
Plan comarcal de xestión medioambiental e desenvolvemento sostible	Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño



Plan de cooperación no eido diversidade funcional	Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño
---	---

2. Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.
- 5. Convocatoria de programas de apoio a oficinas locais para o fomento do cooperativismo e a economía social.**

O xerente da Mancomunidade informa sobre a *Orde do 11 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da economía social, e se convocan para o ano 2016*.

Luis Alcalá explica os antecedentes deste servizo e as condicións da subvención.

Respecto ao período subvencionable, o xerente explica que se trata dunha convocatoria anual que permite subvencionar actividades anteriores á publicación da orde, de forma que, no caso de que a Mancomunidade continúe o servizo máis alá do período subvencionado pola actual convocatoria, dito gasto podería ser cuberto pola seguinte convocatoria de subvencións.

Á vista do exposto, as persoas asistentes acordan:

1. Elaborar e presentar unha solicitude ao abeiro da citada orde do 11 de febreiro, que será sometida a ratificación na seguinte sesión da Mancomunidade.
2. Prever a continuación da Oficina Local de Fomento Cooperativo por un período superior ao cuberto na presente subvención.

6. Coordinación e cooperación turística.

O Xerente da Mancomunidade informa de que segundo o conversado coa Axencia Turismo de Galicia, o convenio solicitado encóntrase en trámite coas achegas económicas que figuraban no proxecto aprobado polo Pleno da Mancomunidade na sesión de 8 de febreiro, e indica que sería conveniente requirir como nos anos anteriores un acordo do órgano competente de cada concello no que se comprometa a realización dunha achega específica a este proxecto.

En segundo lugar, o Xerente informa sobre as subvencions para accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural (DOG 29/02/2016) convocadas pola Axencia Turismo de Galicia, mediante a ficha-resumo remitida con anterioridade á sesión aos membros do beneficiarias, é de interese do destino turístico que cada un dos concellos as solicite individualmente para mellorar a calidade do conxunto.

Respecto ao instrumento de cooperación turística dos 21 municipios, o Xerente presenta o informe a continuación transcrto:

"INFORME SOBRE A CREACIÓN DUNHA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO TURÍSTICO FERROLTERRA

1. Obxecto

O presente informe recolle os antecedentes e identifica posibles vías para dar cumprimento ao acordado na reunión de representantes dos concellos do xeodestino celebrada o 14 de setembro de 2015, co obxecto de facilitar o tratamento do asunto polo Pleno da Mancomunidade co asesoramento da Secretaría e da Intervención.

2. Antecedentes

No período 2006-2011 executouse o Plan de Dinamización de Produto Turístico Ferrol-Ortegal, mediante un convenio entre as administracións estatal, autonómica e provincial



xestionado pola Deputación da Coruña.

No ano 2009 a Deputación da Coruña redactou o Plan de viabilidade e estudio económico financeiro para a creación dun ente mixto de xestión turística no territorio de Eume-Ferrol-Ortegal.

No ano 2011 a Xunta de Galicia define o concepto de xeodestino na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e presenta o mapa oficial de xeodestinos de Galicia, segundo o cal dentro do xeodestino "Rías Altas" figuran outros dous xeodestinos: o xeodestino "A Coruña e As Mariñas"; e o xeodestino "Ferrolterra", integrado polos 21 concellos que suman as as comarcas de Eume, Ferrol e Ortegal más o concello de Vilarmaior.

Nestas datas a Deputación da Coruña inicia a promoción turística deste territorio baixo a mesma marca.

No ano 2011 a Mancomunidad inicia o estudio dunha fórmula de colaboración para a promoción turística do xeodestino. En sucesivos Plenos da Mancomunidad e encontros convocados pola Deputación da Coruña valóranse distintas opcións e, finalmente, no pleno do 19 de marzo de 2012 apróbase unha proposta para a integración dos 20 concellos restantes dentro da Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, e acórdase solicitar a dita Sociedade o inicio do proceso oportuno.

Debido ás dificultades no avance deste proceso, o 21 de xuño de 2013 celébrase unha reunión con secretarios/as e interventores/as dos nove concellos da Mancomunidad, co obxecto de encauzar o asunto.

No ano 2014 ofrécese dende a Xunta de Galicia a posibilidade de asinar un convenio coa Mancomunidad para a promoción turística do territorio. Tendo en conta os antecedentes o Pleno acorda expresamente que as accións promocionais realizadas a través deste convenio beneficiarán a todo o xeodestino, non só aos concellos integrantes da Mancomunidad, a pesar de que o financiamento corresponde só a estes últimos, por tratarse dunha situación transitoria mentres non se completa a ampliación da Sociedade Mixta.

Con este criterio, asínanse e execútanse convenios en 2014 e 2015 entre a Mancomunidad e a Xunta de Galicia (a través da Axencia Turismo de Galicia), e realizanse tamén actuacións turísticas subvencionadas pola Deputación da Coruña no ano 2015. Un requisito destes proxectos foi a coordinación técnica cos 21 concellos, que foron visitados e consultados individualmente polo persoal técnico responsable das actuacións.

O 14 de setembro de 2015 celébrase na Casa do Concello de Ferrol unha reunión co obxecto de avanzar na colaboración supramunicipal en materia turística. Convócase a dita reunión aos/as alcaldes/as e concelleiros/as competentes dos 21 municipios (anéxase lista de asistentes). Durante o encontro exprésase tanto a existencia de impedimentos administrativos á adhesión á Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, como a disconformidade con esta fórmula. En todo caso os asistentes coinciden na necesidade de realizar a promoción turística de maneira conxunta e acórdase estudar a fórmula da agrupación de concellos con esta fin.

3. Definición de agrupación de concellos

O termo "agrupación de concellos" presenta algúns problemas de definición.

Na lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a figura da "agrupación voluntaria de municipios" parece restrinxida á finalidade sostener conjuntamente funcionarios por necesidade económica, e esixe un trámite complexo que inclúe información pública, informe da delegación territorial da Xunta e da Deputación provincial, e resolución pola consellería competente en materia de réxime local.

No contexto das convocatorias de subvencións as agrupacións de concellos citanse entre as opcións supramunicipais para solicitar axudas, xunto coas mancomunidades de municipios e os consorcios, pero, a diferencia destes, as agrupacións de municipios consideráranse un vehículo creado expresamente para a finalidade da subvención, polo que se lles require documentación específica acreditativa desta creación.

De forma resumida, unha agrupación de concellos neste contexto debe cumplir os seguintes requisitos:

- a) A aprobación polo órgano competente de cada un dos concellos dun convenio no que se estableza o obxecto, orzamento e achegas dos asinantes.



- b) O nomeamento en dito convenio dun alcalde ou alcaldesa como representante da agrupación ante a administración que concede a axuda, de forma que o secretario/a do seu concello expedirá as certificacións correspondentes á agrupación (recabando as correspondentes certificacións municipais)
- c) Todos os concellos deben cumplir os requisitos esixidos para a solicitude individual da subvención: non encontrarse incuso nas prohibicións para ser beneficiario, ter remitida a correspondente Conta Xeral, e declarar outras axudas para as mesmas actuacións.


4. Possible folla de ruta e cronograma para a creación dunha agrupación de concellos para a promoción do destino turístico Ferrolterra.

O proceso necesario para a creación da agrupación de concellos podería articularse nos seguintes pasos e prazos:

1. Redacción de 1º borrador de convenio pola xerencia da Mancomunidad co asesoramento da Secretaría e da Intervención da Mancomunidad.
2. Aprobación de borrador de convenio polo Pleno da Mancomunidad na sesión ordinaria de **abril**.
3. Envío do borrador de convenio aos 11 concellos non pertencentes á Mancomunidad e solicitude de comentarios ao documento.
4. Exame dos comentarios e redacción de 2º borrador, no que se recollerán na medida do posible os comentarios recibidos, para a súa aprobación polo Pleno da Mancomunidad na sesión ordinaria de **maio**.
5. Envío de 2º borrador e convocatoria de reunión aos 21 concellos, coincidente coa sesión ordinaria da Mancomunidad do mes de **xuño**, co obxecto de aprobar a redacción definitiva do convenio.
6. Remisión de redacción definitiva do convenio para a súa aprobación polo órgano competente de cada un dos 21 concellos dentro do prazo de **catro meses**. Existe a posibilidade de que por distintas circunstancias non todos os municipios aproben a sinatura do convenio no prazo establecido. Por este motivo a redacción do convenio será aberta en canto á enumeración dos concellos asinantes e en canto ao orzamento total.
7. Sinatura do convenio e solicitude dunha subvención nominativa á Xunta de Galicia, análoga á actualmente recibida pola Mancomunidad, para o ano 2016 (**novembro**).

Ferrol, 11 de marzo de 2016,
O Xerente da Mancomunidad

Asdo.: Luis Alcalá Baillie





REUNIÓN DESTINO TURÍSTICO FERROLTERRA-RÍAS ALTAS 14/09/15

Concellos convocados	Asistentes
A Capela	
Ares	Julio Iglesias Redondo, Alcalde
As Pontes	Ana María Pena, Concellera de Turismo
As Somozas	
Cabanas	Germán Castrillón Permuy, Alcalde
Cariño	José Miguel Alonso Pumar, Alcalde
Cedeira	Pablo Moreda Gil, Alcalde
Cerdido	Cándido Prieto Lago, Concellero de Turismo
Fene	Juventino Trigo Rey, Alcalde; César Castro García, Concellero de Turismo
Ferrol	Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde; Beatriz Sestayo Doce, Tenente de Alcalde; Bruno Díaz Doce, Concellero de Turismo
Mañón	
Moeche	Beatriz Bascoy Maceiras, Alcaldesa
Monfero	Andrés Feal Varela, Alcalde
Mugardos	Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde
Narón	Natalia Hermida Rico, Concellera de Turismo
Neda	Ángel Alvariño Saavedra, Alcalde
Ortigueira	Ana María Fojón Bouza, Concellera de Turismo
Pontedeume	Yolanda Vázquez Bustos, Concellera de Turismo
San Sadurniño	Secundino García Casal, Alcalde; Manuel Varela Mecías, Concellero de Promoción Económica
Valdoviño	Alberto González Fernández, Alcalde
Vilarmaior	
Persoaal técnico	Leopoldo Moure García, Secretario do Concello de Ferrol; Luis Alcalá Baillie, Xerente da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol

Presidente

"

Á vista do informe, acórdase continuar traballando neste asunto empregando a folla de ruta contida nel, considerando a posibilidade de que a agrupación se forme entre a Mancomunidade e os concellos do Xeodestino que non pertenecen a ela.

Por último, o xerente informa tamén de que en Equiocio 2016 existirá un stand turístico do Xeodestino Ferrolterra grazas á colaboración dos concellos de Ferrol e Narón, para o cal foi solicitado material promocional dos 21 concellos.

A proposta do alcalde de Ares, acórdase convidar aos 21 alcaldes a participar no acto de inauguración deste stand.

7. Elaboración de convenio para a mellora mancomunada da Casa de Acollida.

As persoas asistentes deliberan sobre as condicións deste convenio, para a súa redacción e presentación nunha próxima sesión.

8. Elaboración de bases de axudas a entidades con fins sociais.

As persoas asistentes retoman o debate mantido na sesión de 8 de febreiro, na que se acordou iniciar a elaboración dunha convocatoria aberta de axudas a entidades.

O alcalde de Ares maniféstase en contra de que a colaboración con entidades se leve a cabo a través dunha convocatoria aberta de axudas, e propón que as solicitudes de colaboración



sexan valoradas individualmente, xa que o papel da Mancomunidade debería limitarse a casos excepcionais.

O Presidente explica que na sesión anterior do Pleno acordouse apoiar ás entidades a través dunha convocatoria aberta para evitar situacións discriminatorias.

O Interventor indica que o procedemento apropiado é a celebración dunha convocatoria pública.

Finalmente, ante a falta de unanimidade respecto á fórmula dunha convocatoria aberta, acórdase non desenvolvella.

O Xerente informa de que se recibiu unha solicitude de reunión coa Mancomunidade da entidade ASPANEPS. As persoas asistentes acordan incluír a audiencia a ASPANEPS nunha próxima sesión da Mancomunidade.

9. Dedicación do Día das Letras Galegas a Carvalho Calero.

Por unanimidade das persoas asistentes adóptase o seguinte acordo:

En sesión plenaria de **data 28 de febreiro de 2008** a Corporación Municipal de Ferrol aprobou a proposta, por unanimidade, de solicitarlle á Real Academia Galega que se lle dedicase a R. Carvalho Calero o **Día das Letras Galegas 2009**; proposta que nacía do movemento asociativo local.

Un ano máis tarde entidades da nosa comarca, nomeadamente a Fundaçom Artabria, promoveron de novo esta solicitude **de cara ao 2010**. Os concellos dedicaron nestes anos numerosas actividades a promover o coñecemento da súa obra e do seu pensamento entre a cidadanía e, particularmente, no eido do ensino.

O 27 de marzo de 2014 de novo o Concello Pleno Ferrol aprobou por unanimidade unha declaración como solicitude á Real Academia Galega de lle dedicar a Ricardo Carvalho Calero o Día das Letras Galegas no ano 2015, e o 14 de abril de 2014 o Pleno da Mancomunidade aprobou unha declaración no mesmo sentido.

Somos conscientes das numerosas peticións que recibe a Real Academia Galega para elixir o autor ou autora homenaxeada cada ano, e que as posibilidades son moitas dentro da riqueza da nosa literatura. Sen embargo, cremos que é obriga da Mancomunidade persistir e seguir facendo camiño co fin de acadar o merecido recoñecemento para a obra e a persoa do insigne ferrolán R. Carvalho Calero.

R. Carvalho Calero tivo unha transcendencia por todos coñecida non só no ámbito das letras galegas, senón tamén para o mundo da cultura en xeral, e da lingua galega en particular. Nacido en Ferrol en 1910, este filólogo, profesor e escritor, foi considerado o gran pensador do reintegracionismo e tivo a honra de ocupar a Primeira Cátedra de Lingua e Literatura Galega. Deixounos unha gran obra literaria, poesía (*Trinitarias, Vieiros*), teatro (*Catro pezas, Teatro Completo*), narrativa (*Scorpio, Xente da Barreira*) e ensaio (*Do galego e de Galicia, Historia da Literatura Galega Contemporánea*).

SECRETARIO Foi secretario xeral do Seminario de Estudos Galegos, formou parte do grupo que redactou o Anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936. Foi nomeado fillo predilecto de Ferrol e da Comunidade Autónoma de Galicia. Agora, agardamos que a estes recoñecementos se lles poida sumar axiña o de homenaxeado no Día das Letras Galegas 2017.

Por todo o exposto, que non é máis ca un breve resumo da prolífica traxectoria profesional e humana de R. Carvalho Calero, e co fin de non deixar no esquecemento o apoio e traballo do movemento asociativo local nestes pasados anos, o Pleno da Mancomunidade Concellos da Comarca de Ferrol acorda solicitar á Real Academia Galega que sexa dedicado a Ricardo Carvalho Calero o Día das Letras Galegas do ano 2017.

10. Situación da mobilidade en Ferrolterra.

O Presidente informa das recentes reunións sobre esta materia e acórdase que se



celebrará un Pleno extraordinario no momento en que os concellos disponan da información solicitada á Xunta de Galicia.

11. Impulso e seguimento de servizos e proxectos.

Non se aborda este punto

12. Rogos e preguntas.


Por parte do representante do Concello de Mugardos dase conta de que recibiron no seu concello escrito do Valedor do Pobo referente á crise dos trialometanos do pasado verán sobre a procedencia da minoración do recibo de abastecemento de auga polos días nos que non se pudo consumir.

Por parte do Secretario do Concello de Ferrol se indica que no Concello de Ferrol Emafesa descontou esos días nos recibos polo que se plantea tamén se Emafesa descontará ós concellos suministrados a tarifa correspondente a eses días.

Por outra parte, e por parte do Alcalde de Ares, se indica que tamén os concellos tiveron os seus gastos de cisternas, abastecementos de auga mineral.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezanove horas e corenta minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidad



Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

O Secretario da Mancomunidad



Asdo: Leopoldo Moure García